

CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
DATA 22/01/2020

Sras./Sres. Asistentes:

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

VOGAIS

PAOLA MARIA MOCHALES

JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

ANA GRANJA GUILLÁN

TÉCNICO

XOAN XOSÉ RODRÍGUEZ CUIÑA

EMILIO PUMAR DURÁN

SECRETARIO/A

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:15 do día 22/01/2020 reúnense en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTE SOLICITUDES:

COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Francisco Luis pais Andrade, para instalación recuperadores de calor en vivenda na Avda. Rosalía de Castro nº 175-3º D - Carril (Ref. Cat. 8681901NH1188S0024DK).

Ó tratarse dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre rúidos.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2019/000946)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Ramón Argudín ñalvarez en representación de TERMOCALOR VIGO SL, para renovación de instalación de climatización na Avda. da Mariña nº 9 (Ref. cAt. 9061102NH1196S0001PJ).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprarán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2019/000956)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Manuel Grangel García, para arranxo de tellado na Trav. Bouza Xusta nº 2 - Trabanca Badiña (Ref. Cat. 0965501NH2106N0001OI)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquer caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2019/000961)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Encarna Veloso Mollinedo, para arranxo de tellado na Rúa do Campo nº 4 - Carril (Ref. Cat. 9280610NH1198S0001OT)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquer caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2019/000963)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Milagros Rodríguez Busto, para obras varias en piso sito na Rúa Fariña Ferreiro nº 13-1º D (Ref. Cat. 9559012NH1195N0006HB).

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e

tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos qu fixa a Normativa actual sobre rúidos.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizaos pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2020/000001)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Manuel Rial Gómez en representación de COM. PROP. RIVERO DE AGUILAR N° 16, para arranxo de fachada na Avda. Dr. Moreira casal n° 16 (Ref. Cat. 9666102NH1196N)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquer caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2020/000004)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Javier Riveiro Bouzas en representación de FERRO VILAGARCÍA SL, para obras varias en edificio na Avda. de Cambados n° 20 (Ref. Cat. 8855009NH1185S0001ML).

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (expte. URB/2020/000006)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Francisca Fernández Nogueira, para cambio parcial de carpintería exterior na Avda. Dr. Tourón n° 34-4° A (Ref. Cat. 9257805NH1195N0030KS).

Ó tratarse dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre rúidos.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola

Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2020/000008)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Iria Quintans Tourís, para cambio parcial de carpintería exterior na Avda. Dr. Tourón 46-11° D (Ref. Cat. 9156013NH1195N0047WE)

Ó tratarse dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2020/000013)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Juan Mario Huygens en representación de COM. PROP. EDIFICIO JARDÍN, para acondicionamento de portal de edificio na Rúa Arcebispo Xelmirez nº 7, sen que a modificación da rampla non supoña unha diminución da accesibilidade ao edificio, senón unha mellora.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2019/000934)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. mario Trigo Hombre en representación de ASOCIACIÓN B.A.T.A., para obras varias en edificio na Rúa Moreira nº 16, tendo en conta que non poderá ser invadida a parte da parcela afectada pola aliñación (Ref. CAT. 9855418NH1195N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2019/000967)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Flora Rey Pereiro en representación de COM. PROP. EDIFICIO PORTAS VILAGARCÍA, para reforma da instalación de saneamento a excepción das que se deben realizar na vía pública (conexión á rede municipal), que serán obxecto de licenza, na Rúa Avelina Nogueira nº 26 - Vilaxoán (Ref. Cat. 7553212NH1175S)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2020/000003)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Sandra Cañamares Búa, para legalización das obras executadas no muro de cerre na Rúa Lagoa s/n - Sobrán (Ref. Cat. 7246919NH1174N0001SD)

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2019/000630).

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Carlos Valiñas Martínez en representación de CONSTRUCCIONES CARLOS VALIÑAS SL, par instalación de guindastre torre na Avda. Rodrigo de Mendoza nº 59 (Ref. Cat. 9859830NH1195N0001SG).

Unha vez instalado o guindastre, presentará certificado técnico do mesmo, asinado por técnico competente e visado polo Colexio Oficial correspondente.(URB/2019/000795)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D.Carlos Vázquez García, para acometida ás redes municipais de auga e saneamento na Rúa Figueirido nº 7 (Ref. Cat. 8153033NH1185S), baixo as seguintes condicións:

CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

CONEXIÓN REDE DE SANEAMENTO

- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública, disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O ramal de acometida será de tubo de PVC mínimo de Ø 160 mm.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro.
- A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado

este extremo. (Expte. URB/2019/000923)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Javier Figueroa Iglesias, para acometida ás redes municipais de auga e saneamento na Rúa Sartaches nº 7 - Vilaxoan, baixo as seguintes condicións:

CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

CONEXIÓN REDE DE SANEAMENTO

- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública, disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O ramal de acometida será de tubo de PVC mínimo de Ø 160 mm.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro. (Expte. URB/2019000964)

LICENZAS DE SEGREGACIÓN

Vista a solicitude de D. Jesus V. Quintáns Berride, co fin de regularizar a cesión ó Concello dos terreos afectados por aliñacións da finca sita na Rúa Illa de Cortegada nº 8, o Consello da Xerencia informa favorablemente a segregación de 12,02 m² da súa propiedade, de conformidade coa documentación achegada e documento de cesión asinado coa data de 09/03/2016, aceptando dita cesión ós efectos de proceder á súa inscrición a favor do Concello no Rexistro da Propiedade. (Expte. URB/2020/000022)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a transmisión da licenza a favor de ORV CONTRATACIONES DE GALICIA SL, solicitada por D. José Luis Sanromán en representación de VOUSAMA SL, de licenza de obra para construción de edificio de 24 vivendas, fase V, na Avda. Rodrigo de Mendoza, outorgada por Resolución de Alcaldía de data 11/09/2019.

Dése conta ó Departamento de Rendos aos efectos oportunos. (Expte. URB/2019/000207) (Antecedente 341/08)

Informar favorablemente a transmisión da licenza a favor de ORV CONTRATACIONES DE GALICIA SL, solicitada por D. José Luis Sanromán en representación de VOUSAMA SL, de licenza de obra para construción de edificio de 17 vivendas, fase IV, na Avda. Rodrigo de Mendoza, outorgada por Resolución de Alcaldía de data 11/09/2019.

Dése conta ó Departamento de Rendos aos efectos oportunos. (Expte. URB/2019/000208) (Antecedente 345/08)

Informar favorablemente o proxecto de execución presentado por D. Manuel Jesús Freijeiro Martínez en representación de ARTEPLAN GALICIA SL, para construción de dúas vivendas unifamiliares de planta baixa e planta alta na Rúa Marie Curie (parcelas 28 e 29) - Urb. Santa Comba - Carril, redactado polo Arquitecto D. Manuel Jesús Freijeiro Martínez, visado coa data de 26/12/2019, xunto coa documentación achegada e que foi solicitada por Resolución de Alcaldía de data 03/10/2019. (Expte. URB/2019/000440)

Informar favorablemente a solicitude de Dna Ofelia Valiñas Martínez, en representación de ORV CONTRATACIONES DE GALICIA SL, vistos os informes técnico e xurídico, para aprobación de Proxecto modificado e de execución de edificio de soto para aparcamento, baixo para uso comercial e 5 plantas e ático para 23 vivendas - Fase II (ORV 2), no lugar de Avda, Rodrigo de Mendoza, redactado polo Arquitecto D. Carlos Berride Abalo (visado coa data 12/12/2019), En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano, Residencial 1 (R1)
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: Garaxe-aparcamento e trasteiros en planta soto, comercial en planta baixa e vivendas en plantas de piso.
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: VI plantas - 19,50 m.
4. Orzamento de execución material: 1.773.291,87 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 9859830NH1195N001SG
6. Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Carlos Berride Abalo

Director das obras D. Carlos Berride Abalo

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

Dése conta ao Departamento de Rendas aos efectos oportunos. (Exp. URB/2019/000207) (Antecedente 341/08)

Informar favorablemente a solicitude de Dna Ofelia Valiñas Martínez, en representación de ORV CONTRATACIONES DE GALICIA SL, vistos os informes técnico e xurídico, para aprobación de Proxecto modificado e de execución de edificio de soto para aparcamento, baixo para uso comercial e 4/5 plantas e ático para 15 vivendas - Fase I (ORV 1), no lugar de Avda, Rodrigo de Mendoza, redactado polo Arquitecto D. Carlos Berride Abalo (visado coa data 11/12/2019), En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano, Residencial 1 (R1)
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: Garaxe-aparcamento e trasteiros en planta soto, comercial en planta baixa e vivendas en plantas de piso.
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: V PLANTAS (16,40 M.) e VI plantas (19,50 m.)
4. Orzamento de execución material: 1.139.373,69 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 9859830NH1195N001SG
6. Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Carlos Berride Abalo

Director das obras D. Carlos Berride Abalo

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

Dése conta ao Departamento de Rendas aos efectos oportunos. (Exp. URB/2019/000208) (Antecedente 345/08)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Javier Flórez Arias en representación de IBERMUTUA, MUTUA COLABORADORA CON LA SEGURIDAD SOCIAL N° 274, para acondicionamento de local para centro administrativo e de continxencias comúns, na Rúa Edelmiro Trillo nº 6 Bx. (Ref. Cat. 9361603NH1196S0052TU), de conformidade co proxecto redactado polo Arquitecto D. José Silva Cano.

Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia e no Decreto 144/2016, de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

Con carácter previo ao inicio das obras, deberá presentar:

- Ficha de Estatística da Edificación e da Vivenda por canto non consta presentada.
- No caso de que se cumpran as condicións que fixa o Real Decreto 1627/97, o promotor deberá nomear coordinador de Seguridade e Saúde en fase de execución.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016).

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:43 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.